



**Xulia
Alonso Díaz**

Naceu en A Rúa, provincia de Ourense, en decembro de 1961. Estudou bacharelato e COU no colexio diocesano Pablo VI de A Rúa e en xaneiro de 1981 entrou a formar parte do cadro da Xunta de Galicia, como administrativa.

A irrupción da sida no panorama mundial a principios dos anos oitenta marcou a súa vida, ao ser diagnosticada como portadora do virus VIH en febreiro de 1986, despois de varios anos de adicción á heroína. En novembro de 2010 publica *Futuro Imperfecto* (Editorial Galaxia), un libro de lembranzas escrito como testamento vital para a súa filla no que reconstrúe arredor da historia central, a da enfermidade e morte, a causa da sida, de Nicolás, o seu home, os escenarios da súa infancia e adolescencia, os primeiros anos de mocidade xa en Santiago de Compostela a finais dos setenta, e a súa experiencia como adicta e as súas consecuencias. *Futuro Imperfecto*, que recibiu unha magnífica acollida entre os lectores e lectoras en lingua galega, seá publicado en castelán no verán do 2013.

Galardóns:

- Premio Losada Diéguez de creación literaria 2011
- XVII Premio Arcebispo San Clemente
- Premio Frei Martín Sarmiento 2012

A madurez de narrar un futuro imperfecto

por M^a del Carmen Echevarría (Diario da Universidade de Vigo)

“*Futuro imperfecto* é un libro escrito na e desde a madurez emocional”. “*Futuro imperfecto* foi unha liberación absoluta e total”. “*Futuro imperfecto* ademais de emocións pretende promover un espírito crítico”. Nestas e noutras tantas frases resumiu hoxe Xulia Alonso a esencia da súa primeira obra, ante un ateigado salón de graos da Facultade de Filoloxía e Tradución, no que alumnado e profesorado asistiu ás explicacións do proceso de xestión dun libro autobiográfico no que Alonso mergúllase nunha parte da súa vida marcada polas drogas e o amor polo seu compañeiro Nico, falecido vítima da SIDA. Xulia, á que os médicos déronlle hai 30 anos, un ano de vida, é seropositiva e comparte a súa vida coa súa filla e a de Nico, Lucía, verdadeira destinataria dun libro, que asegurou “foi escrito para non ser publicado, senón por unha necesidade persoal de trasladar a un soporte estable o que tiña na memoria e non se podía perder”.

A redacción das últimas vontades de Nico e da propia Xulia en 1990 é o momento no que a escritora sitúa o proceso de materialización de *Futuro imperfecto*, entendido nese intre como unha necesidade de explicar, aínda que non por escrito, a súa filla quen eran os seus pais máis alá das adicións e dunha enfermidade, a SIDA, que naquel momento era entendida por moitas persoas como “un castigo merecido a un pecado”.

Instinto, madurez e Unha habitación propia

Superada unha etapa “con moitas fronteiras abertas: a morte de Nico, a miña propia enfermidade o doo de Lucía”, Xulia Alonso, que estivo acompañada durante a súa intervención da facultade por Inmaculada Báez profesora do departamento de Lingua Española e amiga persoal da autora, explicou que tivo que superar un proceso de madurez persoal para comezar a darlle forma a *Futuro imperfecto*.

O instinto, “que me enviaba sinais para liberarme desta historia” e *Unha habitación propia*, a obra de Virginia Woolf,



Tertulias Literarias

(“parecería que a propia Virxinia me falaba a min; escribe, escribe ...”), fixeron o resto. Isto, e un CD de Silvio Rodríguez, “abriron as comportas e todo empezou a saír”, nun proceso de escritura que Xulia Alonso definiu como “doloroso e ao tempo excitante”, no que a parte máis complicada de enfrontar foron os primeiros anos, cando chega a Santiago a finais da década de 1970 para facer unha carreira universitaria.

Neste punto Xulia Alonso rompeu unha lanza a favor dunha xeración que lonxe do “pasotismo” que se lle atribúe, lía e estaba ávida de coñecementos. Sen embargo, “logo chegou a heroína e cambiouno todo”, sentenciou, “o mundo das drogas no que moitos estragan a súa vida para que catro se forren”.

Mortos baixo dúas lápidas

Rescatar a memoria das primeiras persoas que perderon a vida por causa do VIH, foi unha das razóns que levou a Xulia Alonso a aceptar a invitación do editor Victor Freixanes de publicar *Futuro imperfecto*. “A SIDA foi un fenómeno global e os que quedaron polo camiño nos primeiros anos quedaron estigmatizados, enterrados baixo dúas lápidas”, unha de mármore e outra que lles puxo enriba unha parte da sociedade que non entendía, “que a SIDA non é unha cuestión moral, é unha putada”, dixo a autora.

Transcorridos case catro anos da súa publicación, Xulia Alonso considera que con este homenaxe a súa xeración que é *Futuro imperfecto*, “ía vencer á morte, e non o fixen, pero teño a sensación de Nico está menos morto”, o que asegura lle produce unha sensación de vitoria moi gratificante.

“É un canto á supervivencia, á non resignación”

Entrevista a Xulia Alonso, por Carlos Pino (La Voz de Galicia)

A editorial Galaxia presentou na librería Couceiro a obra *Futuro imperfecto*, debut literario de Xulia Alonso Díaz (A Rúa, 1961), que relata en primeira persoa a súa experiencia vital, un percorrido no que cae no pozo da heroína e que deixa nela a pegada do VIH. O seu compañeiro non sobreviviu á sida, e Xulia quixo dar testemuña.

¿Por que decide espirse diante dos lectores?

Cando escribín o libro foi como testemuño para a miña filla e o entorno íntimo. Cando xurdiu a idea de publicalo non me pareceu mal facelo polo tema da sida, porque sen ser o tema central pareceume un bo momento para levantarlle a lousa de clandestinidade, un obstáculo a maiores, porque non poder compartir as dificultades faichas levar nunha soidade non desexable.


¿Cal é, daquela, o obxectivo?

Pretendía deixar constancia da historia de amor entre o meu compañeiro e máis eu, unha historia que se centra nos dous últimos anos na nosa vida en común, os da enfermidade de Nico. Foi unha situación límite, moi intensa e chea de autenticidade. E non só foi un amor de parella, senón tamén o da rede de afectos que nos rodeou. Nese sentido non foi unha experiencia fallada. Non logramos que Nicolás non morrera, pero deume forza para encarmarme á vida. Por iso o libro é un canto á supervivencia, á non resignación. No meu caso tiven a posibilidade de sobrevivir. Non foi fácil, pero podo contalo.

¿Revisar a súa vida deste xeito axudoulle?

Foi máis un intento de reconciliación persoal, de intentar atopar por que nos pasou todo aquilo. Non intento facer un retrato xeracional, so saber por que nos pasou nós.

¿Deu coa resposta?



GRUPO B



Penso que os 80, porque eu cheguei a Santiago a finais dos 70, eran anos cheos de posibilidades, nos que todo era posible, de loitar polas liberdades. No medio estaba a heroína, que era a que circulaba. Para min creo que consumir heroína era experimentar, un acto de autoafirmación, porque ninguén o fixo, e aquí falo en plural, con intención de estragar a súa vida. Pero non sabiamos até que punto era destrutiva e difícil de abandonar. Buscamos a autoafirmación, e iso é imposible, porque priva a liberdade de decisión. Nico é máis eu abandonamos a adición, pero o máis dramático veu coa aparición da sida.

¿Agarda que axude á xente máis nova?

Entendo que haxa quen non queira contar a súa experiencia, pero tamén creo que hai moita xente que quedou polo camiño e que ese estigma é inxusto. É como se te mataran dúas veces. Hoxe hai máis información e cóñécense as consecuencias, pero a xente que vén detrás ten que saber que pasou, e ten que servir de algo.

“Ser una superviviente es algo muy cansado”

Entrevista de E. Ocampo no xornal Faro de Vigo

Año 1990. Vigo. Dos jóvenes enamorados viven y gozan de lo mejor de la vida. Saben que su matrimonio tiene una fecha de caducidad, que el reloj corre hacia atrás. Él solo aguantaría dos años más. Tuvieron que pasar tres décadas para leer esta historia. Pero ahí está. Por eso, su autora, Xulia Alonso, reivindica la salida de la clandestinidad del sida, al que durante mucho tiempo estuvieron condenados. El rostro apacible de la escritora, que debuta literariamente con *Futuro imperfecto* parece no haber padecido aquellos duros tratamientos experimentales –hoy descartados– para curar una dolencia que se llevó a su compañero, pero le dejó una hija.

¿Lo escribió por su hija?

No exactamente. Cuando comencé a escribirlo ella tenía 16 años y ya conocía la historia a grandes rasgos. Empecé a escribir por necesidad personal; por organizar mis recuerdos. Fueron muchas experiencias vividas en un plazo de tiempo muy corto, con consecuencias traumáticas y manejarlas fue difícil. Llegado un momento de sosiego interior, personal y vital, me sentí capaz de revisarlo todo. Mi idea era dejar constancia, para mi hija, eso sí, de la historia de amor tan intensa, sincera y real que vivimos su padre y yo, sobre todo en los dos últimos años de su vida. Especialmente intensos porque eran los últimos y los dos lo sabíamos. Pero no se puede contar esa parte de la historia, sin saber qué llevó a ese desenlace tan trágico.

El asunto central es un amor, tan intenso como excepcional.

La historia arranca en el inicio de la enfermedad de Nico. Desde ese punto, yo narro cómo fue el avance de la enfermedad, cómo lo vivimos y lo afrontamos, pero también reviso toda mi vida desde mi perspectiva personal, usando como herramienta mi propia memoria. Es un libro subjetivo y muy personal. Yo también busco un bálsamo para entender por qué me ocurrió todo aquello a mí.

Su obra ha tenido muy buenas críticas, no solo por la calidad del relato, sino literariamente. Encabeza los textos con poemas, muchos de Lois Pereiro.

El libro ha tenido muy buena acogida. La verdad es que no lo esperaba: Ha sido una maravillosa sorpresa. Guardé estos recuerdos como un tesoro y llegó un momento en el que me permití liberarme de ellos, porque si no, siguen haciendo daño. Encabezarlos con poesía era inevitable y los versos en particular de Lois Pereiro, pero no sólo los suyos, parecen escritos para esta historia. Es algo casi mágico.

La historia está marcada por la llegada de las drogas a Galicia, describe su vida universitaria en Santiago, las ansias de libertad...

Eran años muy especiales para nosotros porque éramos jóvenes. Yo llegué a Santiago en 1979 para estudiar Psicología. Era la única ciudad universitaria de Galicia entonces y tampoco estudiaba el mismo perfil de gente que ahora. Había que tener cierta capacidad económica enviar a un hijo a estudiar fuera. No había móviles, las carreteras no eran las de ahora y pasabas meses sin ver a tu familia. Tenías una sensación real de libertad. Aparte, el momento social era de



efervescencia: todo lo que había pasado durante décadas en el mundo, llegó de repente. Éramos gente inquieta, que quería acceder a todo lo prohibido hasta entonces, leer libros censurados, ver películas o escuchar música, desde los Rolling Stones a Mercedes Sosa. En medio, se infiltró el gran negocio moderno.

¿Se refiere al negocio del narcotráfico?

Sí. Y la droga que llegó de forma masiva entonces, fue la heroína. Cuando llegué, en 1979, Santiago era una ciudad bohemia, de buen rollo y puertas abiertas. Cuando me fui, en 1984 era una ciudad de macarras. Para que te hagas una idea de lo rápido que fue el proceso.



¿Cuál considera la esencia que persigue en su novela?

La esencia de la vida, que considero el motivo de este empecinamiento mío por sobrevivir, es el amor.

¿Es el amor que le salvó a usted también de la muerte?

El amor y el compromiso. La gente se comprometió con nosotros. Esa red de amigos en la clandestinidad dura hasta hoy. La intervención de mi familia fue fundamental. Se enteraron de que estábamos enganchados y se volcaron con nosotros. ¡Imagínese! Las drogas para mis padres eran cosa de marcianos. No había información ni apenas centros. Nos fuimos a Navarra un centro que ahora no existe. No había nadie allí que no hubiese pasado por la experiencia de la dependencia, incluidos los responsables del centro.

Poco después de que Rock Hudson dijese públicamente que tenía sida, ustedes se enteraron de que también lo sufrían. ¿Cómo fue?

El centro tenía un convenio con el Instituto Pasteur en Francia y se empezaban a hacer pruebas. Nos hicieron analíticas en Francia y dimos positivo en VIH. No había tratamientos, ni se sabía que iba a ser tan letal. Solo que la gente que la desarrollaba, moría.

¿Y su marido al saber que estaba enfermo?

Al principio él respondió con rabia cuando se lo comunicaron. No colaboraba con los médicos... Pero pronto entendimos los dos que si había alguna posibilidad teníamos que luchar por ella, había que vivir la vida, saboreando cada segundo como un milagro.

Sin embargo, usted no desarrolló la enfermedad ¿Se considera una superviviente?

Hubo miles de muertos. El sistema sanitario no estaba preparado. La palabra superviviente me produce cansancio; ser una superviviente es algo muy cansado. Pero es evidente que lo soy. La vida se construye cada día y aún en los escenarios más duros, hay un margen de actuación. Hay que apostar por la rebeldía, no resignarse.

¿Existen similitudes con lo que ocurre en el ambiente actual con la cocaína?

La droga es un negocio muy rentable. Las cárceles están llenas de toxicómanos, que se eliminan a sí mismos, Son un problema menor, que además rechaza la sociedad. Cito a William Burroughs, las drogas no necesitan marketing, se venden solas; ¡claro que sigue en vigor!. Hoy los chicos tienen más información, sí. Pero siguen siendo chavales. Y el valor que le das a esa información en ese momento de la vida es relativo. Eres irreflexivo, joven y te sientes poderoso.

¿Considera por ello importante que lean el libro en los institutos?

Me encantaría, pero es difícil llegar a los chicos. Por intentarlo no se pierde nada.

¿Qué les dice a ellos?



Tertulias Literarias

La experiencia de adicción para mí fue tan terrible y dramática que no quisiera que ningún descendiente mío tuviese que pasar por ella. De ahí que la llevé al papel pensando en mis nietos, que no sé si tendré. Lo que es paradójico es que yo llegué a Santiago para luchar por mi independencia y allí la perdí; me hice dependiente.

¿Pudo explicar con palabras qué siente al dejar una adicción así?

La sensación es como renacer.



Fontes:

[La Voz de Galicia \(15 decembro 2010\)](#)

[Diario da Universidade de Vigo \(26 marzo 2014\)](#)

[Faro de Vigo \(11 abril 2011\)](#)

[Blog Aa-Hua](#)

Para saber máis:

[“Debutar na madurez. A experiencia da publicación tardía”. Encontro con Xulia Alonso Díaz \(vídeo\) – Universidade de Vigo.](#)

[Xulia Alonso Díaz \(páxina da AELG\)](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

GRUPO B